

## *In Memoriam*

A fechar este *in memoriam* juntamos dois textos. Uma carta endereçada à Unidade de Arqueologia pelo família da Mar e uma nota publicada pelo professor Acuña Castroviejo, no jornal Faro de Vigo.

Vigo, a 30 de Setembro de 1999.

Companheiros e amigos da Universidade do Minho.

Queridos amigos:

Há pessoas que nascem para unir a outras pessoas. Mar, com certeza, foi uma dessas pessoas. Estes dias temos reparado no elevadíssimo número de pessoas que conhecemos por ela, pessoas que se tornaram próximas para nós através das palavras de Mar, dos seus comentários e observações após as refeições familiares; pessoas que conhecimos e que queremos, pois Mar estabeleceu uma ligação entre nós; pessoas que nos ofereceram o seu afeto desinteressado mesmo antes de nos conhecer fisicamente apenas porque, ao sermos familiares de Mar, algo da sua grande humanidade tinha que fazer parte de nós.

Mar, como sabem perfeitamente, era o nexa, o vínculo de uniao, o correio inesgotável que ligava mundos separados. Braga, Santiago, Pontevedra e Vigo ficam muito mais próximos uns dos outros por causa dela.

Estes dias foram dolorosos, mesmo muito dolorosos. Mas não estivemos sós. O seu carinho, a sua amizade, a sua dor e companhia agasalhounos, arrou-pounos e amimounos. Temos a certeza de que Mar, onde ela estivesse, sorria quando nos via a todos juntos.

Queremos que esta carta seja a testemunha da mais sincera gratidão pelo seu

amparo, pelo seu imenso manto de afeto com que nos tinham abrigado. Ficamos muito obrigados com vocês. Queremos que saibam que todos são considerados parte fundamental da nossa família.

Mais uma outra vez, obrigado, muito obrigado.

*Família Zabaleta*

*Mar Zabaleta Estévez – In memoriam \**

O pasado 24 deste mês, sexta feira, á volta dun Congreso en Vila Real, morreu Mar Zabaleta Estévez, vítima dun accidente perto de Amarante. Isto podería ser unha nova máis nos xornais dando conta do pasamento cotián de tantas persoas que fenecen nas estradas e que entristecen aos seus familiares e amigos.

Pero eu quero hoxe rendir homaxe a través destas líneas a unha persoa, que pese á súa xuventude, a investigación galega débelle un comprido recoñecemento.

Mar, natural de Vigo, fixo os seus estudos na Facultade de Xeografía e Historia da Real Universidade de Santiago, nela licenciouse e seguiu os cursos de Terceiro Ciclo. Dende sempre mostrou un grande interese na numismática e pronto se convertiu nunha grande especialista tanto na moeda romana como na medieval, moderna e contemporánea. Publicou diversos traballos sobre este temática en revistas galegas e de fora, asistiu con comunicacións a congresos nacionais e internacionais. Traballou no Departamento de Historia I da Univer-

---

\* Texto reproducido do xornal "El Correo Gallego", 29 de Setembro de 1999.

sidade de Santiago e no Museo do Pobo Galego, aparte de participar en excavacións arqueolóxicas como as do campamento romano de Cidadela ou no Castro de A Graña.

Nos últimos anos estivo de bolseira no Museo Provincial de Pontevedra catalogando os seus fondos numismáticos e ultimamente compaxinaba iste labor co seu traballo como investigadora na Universidade do Minho estudando as moedas atopadas nas excavacións de Bracara Augusta, o que supuña un recoñecemento internacional á súa valía investigadora.

Dotada dunha grande vitalidade, sempre animosa e disposta ao traballo numismático, quera a súa paixón, estudou as pezas atopadas en moitas excavacións que distintas empresas estiveron facendo en campañas de urxencia. Sempre disposta a botar unha man onde fixera falta, podo decir que era a alegría personificada.

Nos últimos tempos andaba a preparar unha exposición sobre numismática galega no Museo de Pontevedra, e seguía co estudo dos numismas tanto dese museo como os de Braga, así como coa súa tese.

As súas inquiredanzas leváronna a Vila Real, a dar conta das súas investigacións e a volta tornouse no seu fin.

E xa remato decindo que ogallá a Universidade de Santiago poida no futuro colmar o valeiro que esta investigadora deixou nun campo como o da Numismática no que andamos tan necesitados.

Como decían os romanos, *Mar, que a terra te sea leve*. Estou seguro que a túa profesión permitiute pagar a Caronte a conducción ao Alén onde andarás disfrutando da paz que mereces e que dende o teu novo mundo nos darás azos para seguir traballando pola nosa terra.

*Fernando Acuña Castroviejo*